

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE NOVEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezanove de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/10/2009)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial da ordenanza fiscal num. 23, reguladora do prezo público por traballo de limpeza de fincas

Retírase da orde do día



3º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial da ordenanza fiscal num. 24 reguladora da taxa por prestación de servizos municipais de intervención en materia de seguridade cidadá

Retírase da orde do día

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial do regulamento de funcionamento e réxime interior da Escola Infantil Municipal, así como do procedemento de adxudicación de prazas na mesma

Dáse conta da proposta do regulamento que ten por obxecto establecer as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interior da Escola Infantil Municipal, así como o procedemento de adxudicación de prazas na mesma escola, segundo as determinacións da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de Servizos Sociais, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que antes do pleno mantiveron unha xuntaza os voceiros dos distintos grupos municipais e que do informe da traballadora social, óq ue tiveron acceso todos, dedúcese que o tema de deixar prazas vacantes na aula de 0-1 anos xa queda resolto a través do propio regulamento, polo que o seu grupo apoia o citado regulamento

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que lle gustaría que se concretara un pouco máis o tema da reserva de prazas na aula de 0-1, pero para non alongalo máis e dado que o informe da traballadora social deixa claro que nese tramo de idade tampouco é moi elevada a demanda que existe na actualidade, e coa corrección no tocante á lingua, que se respecte á normativa en vigor, o seu voto será a favor do citado regulamento

O Sr. Martínez Carrillo do PP di que efectivamente existiu esa reunión de voceiros para tratar os dous puntos e que se chegou a un acordo, e que apoia o regulamento pero que o seu grupo vaise absterse na votación

Posto a votación o citado regulamento apróbase con 8 votos a favor do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG e 5 abstencións do PP

### 5º.- Aprobación, se procede, do POS 2010

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2010)*, aprobadas pola Deputación Provincial con data 25/09/2009 e publicadas no BOP num. 213/09, do 30 de setembro.

De acordo coas mesmas, propónse:

1º.- Aprobación do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2010)*, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e de acordo co financiamento que se indica:



DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<i>Obras de mellora e acondicionamento de vias municipais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila.</i>	78.087,61	19.282,73	97.370,34
<i>Obras de mellora e acondicionamento de vias municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Gallegos, Agustín e Outeiro</i>	65.530,33	19.282,73	84.813,06
<i>Ampliación da rede de alumeadado público en Sarandón, Fornelos e Argunte</i>	53.124,76	19.282,73	72.407,49
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>196.742,7</b>	<b>57.848,19</b>	<b>254.590,89</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan nesta táboa.

3.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010

5.- Solicitalle á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 do seu importe

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

6º.- Acordo, se procede, sobre alteración da calificación xurídica do ben de dominio público a ben de carácter patrimonial (parcela num. 785 da concentración parcelaria de Vilanova -Merín e vial que linda coa súa parte leste)

En relación co expediente de desafectación, proposto pola Alcaldía en Resolución de data 20 de outubro de 2009, de ben inmovible do que é titular o Concello de Vedra: parcela número 785 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, sita no lugar de A Igrexa (San Cristovo de Merín), que linda ó norte con camiño que a separa de masa común; Sur con construción e camiño; Leste con construción e camiño e Oeste con construción e camiño. Figura no inventario mu-

nicipal de bens no epígrafe 1º, grupo 2. Bens inmobles; núm. orde: 32; PGC: 2009); uso público.

Téndose detectado que parte da parcela pola súa parte leste estaba sendo usada polo propietario da parcela colindante, número 511 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, iniciouse por parte do concello un expediente para recuperación administrativa de ben de titularidade municipal; instruído o oportuno expediente, por acordo do Pleno da Corporación de data 17 de xullo de 2008 aprobouse, por unanimidade, a recuperación da parte do ben de titularidade municipal que estaba sendo usada polo propietario colindante.

Considerando que a parte da parcela que está sendo usada polo propietario colindante non ten utilidade pública dada súa topografía e o mesmo acontece co camiño co que linda pola súa parte leste que na realidade ten sido tamén ocupado e polo tanto non se usa por parte dos veciños.

Considerando aceptados os motivos en que se fundamenta a Resolución da Alcaldía e que a través dos documentos que constan no expediente quedan acreditadas a legalidade e oportunidade da desafectación proposta; considerando que é competencia do Pleno da Corporación aprobar o expediente e visto o procedemento establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais

Propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica (desafectación) de parte do ben inmovible descrito (parcela 785 da concentración parcelaria de Vilanova-Merín) e do vial co que linda pola súa parte leste, cambiando a súa calificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

2º.- Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello durante o prazo dun mes, dende a publicación do anuncio no BOP, para que durante ese período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes.

3º.- Considerar este acordo definitivo, se non se presentan alegacións en prazo.

4º.- Cando o acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro de Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica do ben obxecto do expediente e solicitar ó rexistro da propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asientos ou anotacións rexistras.

5º.- Realizar o acto de recepción do ben desafectado, de conformidade co disposto no artigo 8,3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e facultar ó Alcalde para que suscriba os documentos que sexan necesarios para a execución dos precedentes acordos.

6º.- Unha vez aprobada a desafectación e realizados os actos de inscrición preciso, en tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía pola que se inicia a desafectación do ben e dadas as circunstancias que concorren neste asunto, propónse tamén a parcelación da finca 785 do plano do acordo da parcelaria de Vilanova-Merín, en dúas porcións separando a parte desafectada do resto da finca para unha vez realizados os trámites correspondentes proceder á poxa pública da parte da parcela desafectada o do vial que a limita polo leste, ó tratarse dun terreo que non presente utilidade ningunha para o concello e polos motivos expresados na Resolución da Alcaldía.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta



## 7º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva do plan de sectorización do SUND-5 Madeireira de Dozar

Vista a solicitude presentada por don Celestino Lata Carbia para aprobación de plan de sectorización do SUND-5. MADEIREIRA DE DOZAR, previsto no vixente PXOM deste concello e vistos os informes sectoriais previos, entre eles o informe emitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible na Decisión de 24 de xullo de 2008 na que se conclúe a non necesidade de someter a Avaliación Ambiental Estratéxica o Plan de Sectorización mencionado, por acordo do Pleno, de data 5 de agosto de 2008, apróbase inicialmente o Plan de Sectorización do SUND-5. MADEIREIRA DE DOZAR.

Visto que o mencionado plan de sectorización someteuse a información pública polo prazo de 1 mes, mediante anuncio publicado no DOG núm. 169 de data 2 de setembro de 2008; no xornal La Voz de Galicia de data 12 de agosto de 2008; no xornal El Correo Gallego de data 8 de agosto de 2008.

Visto que con data 9 de setembro de 2008 se requiriu informe sectorial á Consellería de Cultura e Deporte e con data 3 de outubro de 2008 reiterouse o requirido a Augas de Galicia, que foron emitidos e co contido que consta no expediente tramitado; emitiuse tamén informe sectorial pola Deputación Provincial de A Coruña.

Visto que durante o período de información pública presentáronse alegacións que figuran no expediente e que foron informadas polos servizos técnicos municipais, incorporándose o informe ao expediente e notificando a súas conclusións aos alegantes.

Considerando os antecedentes expostos e de conformidade co disposto no artigo 86,1 e demais de aplicación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e demais lexislación de aplicación, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación número 1 de don José Albela Edreira en calidade de portavoz de TEGA no concello de Vedra; estimar a alegación número 3 presentada por dona Xosefina R. Guitián Lema e Abelardo Rendo Rial; desestimar as alegacións número 2 e 4 presentadas por dona Xosefina R. Guitián Lema e Abelardo Rendo Rial, polos motivos expresados no informe dos Servizos Técnicos Municipais que figura no expediente e que foi debidamente notificado aos alegantes.

SEGUNDO: Aprobar DEFINITIVAMENTE o PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUND-5. MADEIREIRA DE DOZAR, no lugar de Silva de Arriba da parroquia de San Miguel de Sarandón, previsto no vixente PXOM, coas modificacións resultantes das alegacións e informes sectoriais emitidos para os efectos e que non supoñen unha modificación substancial da proposta aprobada inicialmente.

TERCEIRO.- Remitir, debidamente dilixenciados, o expediente e dúas copias do proxecto á competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

CUARTO.- Publicar o anuncio de aprobación definitiva, no prazo de un mes dende a data de aprobación polo Pleno do concello, no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas no BOP.

Intervén o Sr. Alvela de TEGA para explicar que no seu día, debido á desinformación que existía na parroquia e certo nerviosismo dos veciños, promoveu unha reunión dos veciños co técnico municipal, don Fermín González, e despois



das explicacións dadas por este sobre das utilidades e sobre do plan de sectorización, ó tempo que resolveu certas dúbidas que se formularon na mesma, o seu grupo presentou a alegación á que se fai referencia na proposta (nº 1), que basicamente se refire ás pistas rodadas e ás peonís, e que a partir de agora toca estar á expectativa sobre o desenvolvemento do plan.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para o arranxo e mellora da seguridade vial da estrada dp 8203 (Vedra a Santa Lucía) que une os concellos de Vedra e Santiago**

Dáse conta da moción presentada polo PP na que se expón que despois de moitas reclamacións proximamente executarase o reformado do *Proxecto Reformado da Ampliación e mellora do trazado na DP 8203 Vedra a Ponte de Santa Lucía no PK 4,700 ó 8,130 Vedra*

Pero a satisfacción non é plena xa que quedan sen solucionar tres feitos que impiden que a citada estrada acade un óptimo grado de seguridade e que o tránsito entre ámbolos dous concellos estea á altura dos tempos que vivimos: a nove ponte de unión entre os dous concellos, as obras de acondicionamento das Rúas Coto da Veiga e Veiguiña no concello de Santiago, a pesares de existir un proxecto redactado pola Deputación Provincial na pasada década e en terceiro lugar é necesario un estudio da súa conexión coa rotonda de Santa Lucía

Por iso o solicita a adopción polo pleno do seguinte acordo

:


Instar á Deputación Provincial da Coruña a realizar a actualización do proxecto de acondicionamento da DP 8203 ó seu paso polo Concello de Santiago (incluíndo unha nova ponte de unión entre os concellos de Vedra e Santiago, e conexión directa coa rotonda de Santa Lucía) así como a posterior licitación das obras a executar, contando para iso coa correspondente previsión orzamentaria

O voceiro do grupo PP, Sr. Martínez Carrillo, cédelle á palabra ó seu compañeiro Sr. Costa Carneiro, que expón que todos os presentes son coñecedores da situación desta obra, pero que agora que se está coa 3ª fase, entende que debería ser simultánea coa seguinte, por iso a oportunidade de presentar neste momento á presente moción

Expón tamén que quizais o tramo que queda pendente é o máis transitado e quizais por onde se debería ter comezado a obra, ademais de que ó lóxico sería que a citada estrada desembocara nunha rotonda de vías rápidas e non nun cruce de pouca visibilidade, onde xa houbo moitos accidentes de tráfico, e así xa foi contemplado polos técnicos redactores do PXOM de Santiago, que son os mesmos que redactaron ó deste concello

Por todo iso entende que a responsabilidade do concello é instar á administración titular da vía, a Deputación Provincial, para que leven a cabo as actuacións que se solicitan e rematar dunha vez por todas coa totalidade da obra, que leva máis de doce anos de retraso.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que a moción é acertada e que por suposto o seu grupo está a favor da mesma, e máis, di que na Deputación están represen-



tados os mesmos grupo que os do pleno de Vedra, e que polo tanto sería conveniente falar cos voceiros dos mesmos para axilizar o máximo posible este tema.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes

**9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a conxelación das taxas e impostos municipais de cara ó vindeiro orzamento de 2010**

Dáse conta da moción do PP na que se expón que a subida de impostos anunciada polo Goberno Central para o vindeiro ano supón un importante lastre para a economía de todos os cidadáns, especialmente para os de rendas medias e baixas, xa que o incremento do IVE en dous puntos grava a castigada economía das clases traballadoras nun momento de grave crise económica e repercutirá directamente na creación de postos de traballo e, en consecuencia será un motivo máis polo que este país será o último en iniciar o despegue económico, tal e como indican todos os organismos internacionais

Di ademais que a diminución das transferencias o Estado e a recadación das administracións locais, orixinada polo descenso da actividade económica, require a adopción de medidas urxentes para que a crise económica non derive nunha crise social, polo que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A conxelación dos impostos e taxas municipais no próximo ano 2010

2- O impulso dun Plan de Austeridade para eliminar gastos superfluos e asegurar os investimentos e o gasto social

O Sr. Martínez do PP di que ten moito sentido a presentación desta moción, xa que a crise é evidente, e que na mesma se solicita por unha banda a conxelación dos impostos e taxas municipais, que para nada supón un elevado custo para o concello, e polo que se refire ó segundo punto, o impulso dun plan de austeridade, é unha declaración de intencións de cara á elaboración dos orzamentos do vindeiro ano. Di que é responsabilidade de quen presenta os orzamentos a elaboración do mesmo, e que o seu grupo non ten ningún problema en presentar, no periodo de debate como pedía o representante de TEGA na Comisión Informativa o seu propio plan, pero que a primeira pedra débea poñer o equipo de goberno.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que a moción é oportunista e claramente política, que non ten moito sentido, porque neste concello non se incrementan moito os impostos e as taxas. Malia o anterior di que non está en contra da mesma, e como declaración de intencións, que lle parece ben conxelar os impostos e as taxas porque non son os que derivan en gastos sociais. En canto ó plan de austeridade cree que é necesario dende fai tempo e que o equipo de goberno debe dicir cales son os gastos supérfluos que se poden eliminar asegurando o gasto social e un mínimo de investimentos, que en época de crise non pode ser moi elevado

Por último di que o seu grupo tamén está disposto a presentar a súa alternativa ó plan de austeridade, pero que se debe abrir un proceso de diálogo amplo e con suficiente antelación de cara á negociación dos orzamentos do vindeiro ano.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que está de acordo co exposto pola representante do BNG en que se trata dunha moción oportunista, porque calquera moción ten que ter un mínimo de credibilidade e hai que analizar a situación de partida.



Di tamén que en Vedra, como todos saben, os impostos son do máis baixo que permite a lei, e refírese ó IBI , IVTM e IAE, e que se prestan moito servizos casi gratuitamente; así non existe ordenanza de punto limpo; a da utilización do pavillón municipal non chega ó 10 % do custo do servizo; a da ludoteca, como se puido observar no do expediente da mesma financia só o 14% , ...etc, pero que non obstante o seu voto vai a ser a favor.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes.

#### **10.- Acordo, se procede, sobre moción do PP instando ó Goberno Central a revisar o sistema de financiamento da Lei da Dependencia**

Dado que o BNG tamén presentou unha moción para instar á Xunta de Galicia o pagamento en prazo ás persoas beneficiarias da Lei da Dependencia, declárase a urxencia da mesma para o seu debate conxunto coa do PP.

De seguido dáse conta da moción do PP na que se expón que a entrada en vigor da lei 39/2006, do 14 de setembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención á persoas en situación de dependencia, popularmente coñecida como Lei de Dependencia, dotou dunha serie de obxectivos e obxectivables ó colectivo de dependentes, que hoxe transcorridos case tres anos dende a entrada en vigor atópanse lonxe de ser conseguidos polas administracións, máxime en Galicia onde a realidade demográfica, sociolóxica e xeográfica supuxo un handicap engadido, e así Galicia arrastra un atraso importante na aplicación da citada Lei e tendo en conta que un dos maiores obstáculos é a insuficiencia financeira conviría modificar o sistema implantado polo goberno central, por iso propónse a adopción polo pleno dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ó Goberno Central a que asuma o 50% do custo de servizo efectivo outorgado polas CC.AA na Lei da Dependencia, o cumprimento da lei


Segundo.- Instar ó goberno da Xunta de Galicia a devolver ós concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, limitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante

Terceiro.- Instar ó goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia

Cuarto.- Instar a Xunta de Galicia e ós gobernos municipais a colaborar con todas as entidades restadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta crecente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, asistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos

Intervén o Sr. Lema do PP e expón que a Lei da Dependencia dota á poboación con problemas de dependencia dunha serie de dereitos, e constitúe un hito importante no estado do benestar, co que o PP está totalmente de acordo, pero que corre o risco de converterse nunha declaración de boas intencións.

Di que antes da súa aprobación non se fixo un estudio serio sobre do número de beneficiarios, nin do custo que suporía, nin se elaborou un mapa de servizos e necesidades estruturais, nin tan sequera un plan estratéxico e ademais optouse por un procedemento de pago de cantidades ós afectados como dereito recoñecido fronte a outros plantexamentos ou alternativas de tipo interese público, como a construción de centros de día, residencias, etc,. Por outra banda descárgase nas Comunidades Autónomas e tamén nos concellos o peso das prestacións que garante





a lei sen dotalos dos recursos precisos, e así en Galicia necesitanse para facer fronte as prestacións 440 millóns de euros e os Estado achega só 100 millóns, por iso na súa moción solicitan que o Estado se faga cargo só do 50%

Ademais expón que o goberno da Xunta ante esta situación comprométese a atender estas prestacións ós grandes dependentes e convida á voceira do BNG a sumarse á moción, ou a unha redacción consensuada de ámbalas dúas mocións para asegurar que Galicia dispoña dos recursos necesarios para atender ás persoas dependentes

De seguido procédese á lectura da moción do BNG, informada favorablemente na Comisión Informativa, sobre da Lei da Dependencia, na que se expón que numerosas persoas beneficiarias da Lei de Dependencia están denunciando o abandono que sofren por parte da Xunta de Galicia que non atenden en prazo o pagamento das axudas, cando co anterior goberno da Xunta ingresáballe as axudas ós cuidadores e cuidadoras das persoas acollidas á citada lei nos cinco primeiros días do mes. Ademais, di, que dende a Xunta non se está a facilitar ningún tipo de información ó respecto, co cal á indefensión na que se atopa o colectivo de dependentes é patente, por iso propón a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1.- Dotar nos orzamentos para 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación

2.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes


3.- A Instar ó Goberno do Estado a que dote ós orzamentos de 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei da Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei

4.- Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados

5.- Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ó conxunto da poboación de Galiza.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di estar de acordo coa boa parte do exposto polo Sr. Lema, en que foi unha lei necesaria e valiente, pero improvisada e non ben estudada de cara ós recursos que se precisaban e as consecuencias estanse a sufrir

Expón tamén estar de acordo con solicitarlle ó Goberno Central a que se comprometa coas CC.AA para financiar a aplicación da lei e que se teñan en conta a dispersión e o envellecemento da poboación de Galicia, que é algo que o BNG ven reivindicando dende fai moitos anos , pero que non pode apoiar a moción por dous motivos básicos; o primeiro, onde solicitan devolverlle ós concellos o protagonismo (punto 2º), xa que seguen a ser protagonistas na atención social e no punto cuarto onde solicitan instar á Xunta de Galicia e ós gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais ..... , porque o que se agocha e simplemente un permiso para a privatización, e neste sentido prefiren manter os puntos da súa moción, que son sen perder protagonismo os concellos na atención social, entenden que o sistema da anterior lexislatura de crear un Consorcio de Colaboración entre a Xunta e os Concellos é máis igualitario para levar a



cabo temas tan importantes como servizos sociais, porque permite que sexa igual e cos mesmos criterios en todos os concellos. Con respecto ó segundo motivo polo que non pode apoiar a moción do PP, di que non están en contra de que nun momento dado e por falta de recursos se utilicen entidades privadas, pero antes prefiren que se cumpran os compromisos con respecto a centros de día e determinadas infraestructuras que se xa empezaron a construír e están pendentes de abrir, ou que se continúe poñendo sobre da mesa recursos, reclamándollos ó Goberno Central, para garantir, sobre todos, servizos públicos

Por último e en relación coa oferta do PP de buscar unha moción consensuada, di que estaría de acordo se o PP mantén a súa moción cos puntos 1º e 3º e collendo da do BNG os puntos 1º, simultaneamente con reclamar do Estado máis recursos, e o punto 4º referente a manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.

O Sr. Alvela de TEGA di que a proposta de consenso é asumible, e di que os recursos son escasos, que é o fondo da cuestión, hai que intentar que o Goberno Central que aprobou a lei a dote de medios suficientes, e dende aquí temos que facer todo o posible, por iso a oferta de consenso do BNG parécelle apropiada e o seu voto sería favorable. De non ser así mantería a súa postura de abstención manifestada na Comisión Informativa dado que existen aspectos nas dúas mocións que lle parecen interesantes


O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que está radicalmente en contra do 1º punto da moción do PP polos motivos que exporá a continuación, e que lle parecen razoables os tres puntos restantes. Por outra banda están de acordo cos puntos da moción do BNG, quizais eliminaría a alusión ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola polémica que iso creou.

Expón que están en contra do 1º punto da moción do PP, porque os datos recabados non coinciden para nada cos facilitados polo Sr. Lema na súa intervención, pero aínda así están dispostos a negociar un acordo consensuado e engadir algún punto máis, como "conseguir o equilibrio territorial real entre todos os cidadáns de Galicia", xa non a nivel estatal, onde comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña e Aragón poden ser consideradas doutra división superior

Di que o Goberno Central achega o 55% do copago do custo da lei, as CC.AA o 27,5 % e os beneficiarios un 16,8% e fai mención a un informe do Presidente de Asociacións de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, don Manuel Rodríguez, que di que moitas comunidades autónomas deberían explicar que están a facer con recursos que reciben e que non están a empregar na dependencia e porque non están aplicando alomenos a metade do que reciben do Estado

Con respecto ó exposto polo Sr. Lema en canto ó sistema de copago, di que este sistema é moito máis barato que o ingreso en residencias, poñendo o exemplo da Comunidade de Madrid.

Fai tamén referencia ó concello de Vedra, onde se está a diante a prestación do servizo dende o momento da solicitude da valoración da dependencia, o que supón 1 ano, a fin de darlle resposta inmediata a unha necesidade real, o cal no caso de falecemento do dependente non se pode xustificar e polo tanto non é financiable polo sistema de dependencia, tendo que sufragarse integramente con cargo ós fondos locais, por iso propón incluír un novo punto na moción consensuada



da “Que a Xunta de Galicia mellore os medios de valoración e tramite as axudas con máis axilidade”

O Sr. Lema di que por suposto no está nada de acordo coas cifras sinaladas polo Sr. Sánchez , porque a porcentaxe do 55% de achega do Estado está calculada sobre dunha base que está mal, e dado que se non se está de acordo con esa porcentaxe malamente se poden por de acordo noutros acordos

En canto á proposta de consenso co BNG di que si é posible , e así no primeiro punto da moción estarían de acordo cunha redacción alternativa, que reflecta que os recursos suficientes que debe achegar a Xunta de Galicia son os que lle corresponden, excluídos os do Estado, porque disto poderíase deducir que se o Estado no achega os seus recursos a Xunta debe contribuir con todo, e o PP está pola labor de que o Estado contribúa co que ten que contribuir, e por iso solicitan o 50%

Con respecto ó 4º punto, está de acordo, aínda que lle gustaría que en vez “..dos xa proxectados” figurase “novos centros”, pois a planificación deste goberno pode ser distinta a do goberno anterior

Dona Xosefina Guitián di que das intervencións anteriores entende que tanto o PP coma o PSdeG-PSOE están dispostos a consensuar a súa moción, eliminado o punto 5ª pola polémica que crea, aínda que despois da exposición do Sr. Sánchez, está a favor de incluír os dous puntos indicados, e dado que non se poñen de acordo no 1º punto eliminaría a porcentaxe.

Despois dun amplo debate retírase da orde do día o punto para estudar unha moción conxunta dos grupos

### **11º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

A Presidencia di que con motivo da viaxe que ten que realizar hoxe ó rematar a sesión á Valladolid a representar a Vedra xunto cos demais representantes dos concellos de Terras da Ulla e do Tambre non vai contestar ás preguntas formuladas en plenos anteriores.


### **12º.- Rogos e preguntas**

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Como se vai rematar a obra de senda peonil en Silva de Arriba -San Miguel de Sarandón e cando?

2.- Roga que se potencie o uso do transporte público no concello de Vedra, publicitando máis o horario de autobuses e incluso os teléfonos do taxistas do termo municipal, mediante a páxina web, albergue de peregrinos, centro médico, ...etc.

--O Sr. Alvela de TEGA di que o INEGA subvenciona o aforro da enerxía dos concellos, e neste convocatoria a novidade principal e a redución dun tercio dos prazos de tramitación e resolución das solicitudes. Di que o INEGA subvenciona o 75% do importe dos proxectos e o concello achega o 25% , que as solicitudes pódense presentar ata o 30 deste mes e que están destinadas a impulsar auditorías enerxéticas, instalacións de alumeadado, mellorar a eficiencia das estacións depura-



doras e a potabilidade, así como renovar as instalacións de iluminación pública, e supoñen unha redución entre o 25 -30% da facturación eléctrica en xeral, e entre o 40-60% no que é alumeado público, e que entende que aquí podería ser un investimento perfectamente rendible a curto ou medio prazo e tendo en conta o plan de austeridade proposto polo PP hoxe aquí nesta sesión, solicita que se tome en conta

Roga tamén que se inste ó Sergas ou a que lle compete a que publicite un teléfono de urxencias médicas no fin de semana

Dona Lucía González Louro, en relación coas subvencións do INEGA, contéstalle que na pasada convocatoria, logo do estudo das facturas de alumeado público para coñecer cales eran os máis custosos, solicitouse e contamos cunha subvención para o alumeado público de Xián -Trobe, e para esta convocatoria estanse a redactar dous proxectos para presentar no INEGA: un para o alumeado público do Sol - Santa Cruz de Ribadulla, que é dos máis custosos neste momento, e outra para a EDAR de Ponte Ulla, na que se pretende colocar uns soplantes na balsa onde se recollen todas as augas que pretenden axudar á remoción e aireación da mestura a depurar, dado que o arranque dos motores, ó non estar traballando a depuradora ó cento por cento da súa capacidade, supón un custo moi elevado.

--Don Manuel Costa do PP, súmase ó rogo de dona Xosefina R. Guitián de potenciar o transporte colectivo no concello, e ademais :

1.- Solicitamos o arranxo dos desperfectos que hai na estrada de Oza - Cibrán (San Xián), recentemente executada e que se contemple un novo firme en vindeiros plans de obras

2.- Solicitamos a colocación de taboleiros informativos nas aldeas que non os teñen

3.- Como está o tema da desafectación das vivendas das escolas?


--Don Carlos Martínez do PP pregunta:

1.- Algúns veciños de Vedra dinnos que se está a meter en relación a auga nun sitio en relación a outros. É certo? Si o é afectará ó servizo da auga?. Afecta o custe da obra?, en fin cal é o motivo?

O Sr. Eloy Iglesias contéstalle que o diámetro da tubería non é a mesma en todos os tramos e por iso os veciños entenden que non se está facendo de xeito correcto.

A Presidencia di que tanto as obras de saneamento como de abastecemento de auga antes da súa recepción teñen que pasar unha inspección completa por parte da Xunta.

2. - Según se está anunciando, na zona de Santiago e comarca producírase o apagón analóxico a mediados de xaneiro. Según puido comprobar o PP de Vedra no día de hoxe a través da páxina web "tdtgalicia", o Concello de Vedra (adxuntamos plano) aínda ten amplas zonas cunha cobertura só do 50% ou menos. Por iso, rogamos o equipo de goberno e o Alcalde en persoa que durante os dous meses que quedan faga todo o posible para que Vedra conte coa maior cobertura posible de TDT para o mes de xaneiro de 2010, poñéndose o PP de Vedra á súa enteira disposición para entre todos lograr este obxectivo.



### 13º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos

